



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

EXPEDIENTE: 2024/G012/000012

## ANTECEDENTES

As comisións informativas son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que vaian ser sometidos á decisión do Pleno e da Comisión de Goberno cando actúe con competencias delegadas polo Pleno, agás que haxa que adoptar acordos declarados urxentes.

O Pleno do Concello acordou crear con carácter permanente a Comisión informativa de transparencia e bo goberno na sesión do 28 de setembro de 2023, coa finalidade de garantir a consultar directa e persoalmente os libros de resolucións e os libros das actas das sesións da Xunta de Goberno Local.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Artigo 123, seguintes e concordantes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF)

Son competente para resolver, de conformidade co artigo 41 do ROF.

Polo anterior, RESOLVO:

Primeiro. Convocar a **Comisión informativa de transparencia e bo goberno**, na sala de sesións da Casa do Concello, o **7/06/2024, ás 10:45 h**, en primeira convocatoria. A sesión entenderase convocada automaticamente dous días despois á mesma hora, se na primeira convocatoria non houberse o quórum necesario.

Ten vostede ao seu dispor os antecedentes relacionados cos asuntos da Orde do día no despacho da secretaria da comisión.

## ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación da acta da sesión do 10 de maio de 2024
- 2 Dación de conta do avance nas obras municipais que se están desenvolvendo na Trabe, na rúa Campo e na rúa Condes
- 3 Dación de conta do inicio de obras na rúa Xeneral Mourelle
- 4 Dación de conta da modificación do proxecto das obras en Balarés



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

5 Dación de conta das resolucións dende a núm. 399/2024, do 10 de maio, ata a núm. 468/2024, do 4 de xuño

6 Asuntos varios

Segundo. Notificarlles esta resolución a todos os membros da Comisión debidamente designados.

Ponteceso, 4 de xuño de 2024

O alcalde

A secretaria Dou fe (art. 3.2 do R. D. 128/2018)

José Manuel Mato Martínez

Antía Pena Dorado

\*Documento asinado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe